



Medio millar de fogares e negocios de Bueu xa poden conectarse a internet de ata 500 megas simétricos con R

- ***O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.***
- ***Arredor de 464 residencias particulares e empresas de novos núcleos da localidade pontevedresa xa teñen cobertura das redes de nova xeración de R no marco do Plan Avanza, e serán unhas 1.625 a peche de 2021.***

Venres, 12 de febreiro de 2021.- Os habitantes dos núcleos da Costa de Figueirón, Montemogos, A Achadiza e Praia de Beluso, no municipio pontevedrés de Bueu, xa dispoñen de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos (suba e baixada) e poden desfrutar doutros servizos avanzados de telecomunicacións grazas ás redes de nova xeración de R.

O operador galego, que recentemente incorporara máis dun cento de inmobles doutros núcleos de Bueu á súa rede en virtude do Plan Avanza, vén arestora de rematar neste concello outra parte das tarefas de despregamento da súa rede de fibra óptica, aproveitando ao máximo as infraestruturas do lugar. Deste xeito, **arredor de 464 novos fogares e negocios** dos devanditos núcleos de Bueu quedan xa preparados para recibir os servizos avanzados de teléfono, internet de ata 500 megas simétricos e televisión dixital multicanle de R. Cando tras o exercicio de 2021 se complete o despregamento neste municipio da bisbarra do Morrazo, no marco do Plan Avanza, a localidade contará cun total dunhas **1.625 novas residencias e empresas** con conexión ás redes de nova xeración do operador galego.

A maiores, R leva anos investindo no despregamento de infraestruturas en Bueu, onde a día de hoxe xa dispoñen de cobertura das súas redes avanzadas **outros 3.009 fogares e empresas** do municipio.

10 millóns de investimento e fondos europeos

Este e outros despregamentos na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital dos que **R** resultou adxudicatario en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxeran de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento dos tres plans **investiranse un total de 10M€**, dos cales preto de 8M€ serán subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, o despregamento en Bueu encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo). O investimento total neste caso é de 3,58M€, 2,86 deles subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. Un segundo proxecto fala igualmente do despregamento de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, cun investimento total de 2,6M€ destinarase unha axuda dos fondos FEDER de 2,09M€.. O terceiro dos proxectos adxudicados desenvólvese en **196 núcleos doutros municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra). Os despregamentos nestas zonas suporán un investimento total de 3,75M€, cunha subvención dos fondos FEDER de máis de 3M€.

65.000 fogares e negocios conectados a peche de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Economía y Empresa. A estes traballos hai que unirles as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para achegarlles tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar ás redes de nova xeración de **R 33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están xa en fase de comercialización. E así, ao remate dos dous plans, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

De feito, a día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** ten chegado por vez primeira coas súas redes de nova xeración a núcleos das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade como Tomiño, O Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Pobra de Trives, Peñín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Muxía, Moraña, Guifiriz, Abegondo, Ribadumia, Combarro e Ponte Caldelas.

Todas estas localidades poden desfrutar agora de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo **rebobina** para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

